

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 30 de abril de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día trinta de maio de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(399).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(400).- SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN PARQUE TEMATIZADO EN CASTRELOS. EXPTE. 4732/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 30.04.14, conformado polo concelleiro delegado da Árfe de Contratación e pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración e instalación dun parque tematizado en Castrelos (PCAP).*
- *Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio.*
- *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).*

#### ANTECEDENTES

*Primeiro.- En data 30 de xaneiro de 2014, D. Agustin Gutiérrez Fernández, en nome e representación da mercantil SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, SAMYL, S.L. (en adiante SAMYL), solicita que se declare a resolución do contrato de subministración e instalación dun parque tematizado en Castrelos, do cal a súa representada é adxudicataria, por desestimento da Administración, e se proceda a indemnización dos danos e prexuízos que detalla, así como dos intereses legais correspondentes.*

*Segundo.- Recibida a solicitude se solicita informe ó xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, que o evacúa en data 24 de marzo de 2014.*

*Terceiro.- Formulada a proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, evacuose trámite de audiencia a SAMYL, S.L..*

*Cuarto.- D. Agustin Gutiérrez Fernández, en nome e representación de SAMYL, S.L., formula alegacións en data 29 de abril de 2014.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*-I-*

*En data 30 de decembro de 2010, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa calidade de órgano de contratación do mesmo acordou "Adxudicar á mercantil SAMYL, S.L., o procedemento aberto para a contratación da subministración e instalación dun parque tematizado en Castrelos por un prezo total de 950.000 euros (IVE incluído)".*

*-II-*

*SAMYL solicita que se declare a resolución deste contrato de subministración e instalación dun parque tematizado en Castrelos, do cal é adxudicataria, por desestimento desta Administración.*

*Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable á resolución proposta. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas*

*particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:*

- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 30/2007.*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

*Todo elo sen prexuízo de que o exercicio das prerrogativas da Administración, en canto potestades exorbitantes do contrato, réxanse polo disposto na lexislación vixente no momento en que pretendan exercitarse. En definitiva, o exercicio das prerrogativas administrativas no seno do contrato, e a de resolución é unha delas, deberá exercitarse cos trámites requiridos polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP). De acordo cos artigos 211 en relación coa disposición adicional 2ª.8 do TRLCSP e artigo 109 do RLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:*

- *Deberá darse audiencia ó contratista por prazo de dez días naturais.*
- *Deberá darse audiencia ó avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.*
- *Os acordos deberán ser adoptados previo informe da Asesoría Xurídica.*
- *Será preceptivo o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.*
- *Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.*

*No caso que nos ocupa e dado que a resolución foi solicitada polo adxudicatario non é preciso solicitar o informe do Consello Consultivo de Galicia, nin tampouco procede dar trámite de audiencia ó avalista ou asegurador.*

*-III-*

*A lexislación de contratos do sector público recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 210 TRLCSP, 194 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 8.8 do PCAP.*

*A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 204 do LCSP (na actualidade, artigo 221 TRLCSP) que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.*

*A lexislación de contratos, ó regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.*

*Antes de analizar estas causas e os efectos que anuda a lei ás mesmas, é preciso determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato se aplicarán distintas causas de resolución e os correspondentes efectos.*

*A teor do PCAP, estamos en presenza dun contrato mixto, que comprende prestacións relativas a varios tipos de contratos típicos. Así se deduce do seu obxecto, que segundo o apartado 5.1 da FEC (Follas de especificacións do contrato) do PCAP consiste na “redacción de proxecto, subministro e instalación dun parque tematizado en Castrelos”.*

*Os contratos mixtos son aqueles que conteñen prestacións correspondentes a varios contratos de distinta clase (artigo 12 da LCSP).*

*Analicemos as prestacións do contrato que nos ocupa a efectos de determinar a súa natureza:*

- A redacción do proxecto podería encadrarse como prestación correspondente ó contrato de servizos. A lei define o contrato de servizos no artigo 10 como aquel “cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou unha subministración”.*
- O subministro dos elementos do parque tematizado é unha prestación típica do contrato de subministración, tal e como se desprende do artigo 9 da LCSP que define estes contratos como “os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles”.*
- A instalación dos elementos subministrados para o parque tematizado en principio pode cualificarse como servizo.*

*Como o proxecto foi elaborado polo contratista o mesmo incluíu tamén prestacións típicas do contrato de obra.*

*De todas estas prestacións a máis importante dende o punto de vista económico é a subministración. De ahí que para regular os efectos da extinción é preciso aplicar as causas e efectos específicos deste tipo de contrato.*

*Á vista do exposto, carece de fundamento que o adxudicatario cualifique o presente contrato como contrato de obra e lle aplique as causas de resolución e os seus correspondentes efectos deste tipo de contratos.*

*Dunha interpretación conxunta dos artigos 206 e 275 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de subministración respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:*

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.*
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.*
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.*
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo de quince días hábiles para o inicio da execución do contrato no caso de tramitación urxente, salvo que o atraso debésese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.*
- e) A demora no pago do prezo por parte da Administración por prazo superior a 8 meses ou o inferior fixado pola respectiva Comunidade autónoma.*
- f) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato*
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ó interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato.*

- h) *As establecidas expresamente no contrato.*
- i) *A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación da subministración por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega, salvo que o prego sinálase outro menor.*
- j) *O desestimento ou a suspensión da subministración por un prazo superior a un ano acordada pola Administración, salvo que o prego sinálase outro menor.*

*O adxudicatario cualifica a causa de resolución concorrente como desestimento da Administración. Confunde dos figuras xurídicas distintas, a resolución e o desestimento. O desestimento permite a administración non adxudicar un procedemento en licitación por determinadas causas legais taxadas, detalladas no artigo 139.4 da LCSP (na actualidade, artigo 150 TRLCSP): a existencia dunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación. Esta circunstancia non impide ó órgano de contratación, unha vez desaparecida a causa que motivo o desestimento, iniciar unha nova licitación. No entanto, a resolución presupón a existencia dun contrato validamente celebrado que se extingue antes do cumprimento do seu prazo por causas sobrevidas.*

*Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado g) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 206.g da LCSP: "A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ó interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato".*

*Efectivamente, segundo resolución do Xefe do servizo de Coordinación da Área Cultural da Xunta de Galicia, de data 14 de marzo de 2012, por delegación do Director Xeral de Patrimonio, segundo resolución de febreiro de 2012, se acorda "Non autorizar a instalación e subministro do parque temático atendendo a condición de BIC do propio parque, considerando que a actuación proposta impide e menoscaba a apreciación do ben, deturpando a súa significación cultural entendendo a intervención semellante ás expresamente prohibidas nos xardíns históricos polo artigo 39.2 da lei 8/1995".*

*Á vista da citada resolución deveu imposible a execución do contrato, pois a mesma non deixa marxe para poder modificalo, e, en consecuencia, procede a súa resolución, conforme o disposto no artigo 206.g do TRLCSP.*

*-IV-*

*En relación coa resolución dos contratos administrativos, a xurisprudencia mantén a aplicabilidade dos principios contidos no Código Civil, polo que a facultade de resolver enténdese implícita en favor da parte que cumpre e en contra da que incumpe as súas obrigacións, aínda que para que a acción de resolución proceda é preciso que a parte que a exercite cumpra coas obrigacións que lle incumben (SSTS de 27 de setembro e 25 de novembro de 1985).*

*Neste caso, non se pode atribuír o cumprimento ou incumprimento das súas obrigas a ningunha das partes por canto deveu imposible a execución da prestacións obxecto deste contrato antes de terse iniciado a execución do mesmo. E pode estimarse correcta a solicitude de resolución formulada polo contratista, que estaba disposto a cumprir as súas obrigas.*

*-V-*

*En canto ós efectos da resolución, deberemos partir da premisa de que o patrimonio da empresa adxudicataria, dado que esta non ten responsabilidade na imposibilidade sobrevida de cumprir o contrato, deberá resultar indemne tras a resolución do mesmo. Así, ten establecido reiterada xurisprudencia que a lexislación contractual persegue procurar a indemnidade patrimonial do contratista en caso de incumprimento imputable á Administración (por todas, Sentencias do*

Tribunal Supremo de 28 de abril de 1999, de 27 de febreiro de 2001 ...), debendo ser indemnizados todos os danos que se acrediten como real e efectivamente producidos ó mesmo, polo que quedan excluídos os non suficientemente acreditados, eventuais posibles ó futuros.

O adxudicatario no seu escrito cualifica ó contrato que nos ocupa como un contrato de obras e aplica para a regulación dos mesmos os artigos 220 e seguintes da LCSP.

Solicita pola resolución do contrato unha indemnización de danos e prexuízos de 97.723,64 euros, que desglosa nos seguintes conceptos:

1. Lucro cesante, que o cuantifica en un 6% do prezo total da obra adxudicada IVE excluído: 48.305,08 euros.
2. Danos e prexuízos: 41.418,56 euros. Este concepto, a súa vez, se desglosa en:
  - a) Gastos de proxecto e visado: 36.581,43 euros.
  - b) Gastos financeiros e intereses da garantía definitiva: cancelación do depósito efectuado como garantía definitiva por importe de 2.525 euros e gastos financeiros do aval constituído para completar a garantía definitiva por importe de 1.040,72 euros.
  - c) Gastos de publicación: 1.281,41 euros.
3. Dano emerxente: 8.000 euros.

Solicita tamén os intereses legais da indemnización solicitada que calcula que ascenden a 12.596,97 euros.

No entanto, tal e como se expuxo no fundamento xurídico terceiro do presente informe, dado que se trata dun contrato mixto cuxa principal prestación é de subministración, a xuízo da informante a liquidación deberá practicarse consonte o disposto no artigo 208.5 da LCSP.

Establece o artigo 208.5 da LCSP que "cando a resolución se acorde polas causas recollidas na letra g do artigo 206, o contratista terá dereito a unha indemnización do 3% do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable o contratista". Pero aínda que entendésemos que a resolución do contrato é por culpa imputable a esta Administración, a causa de resolución sería a prevista no artigo 275 da LCSP "A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación da subministración por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega, salvo que o prego sinalase outro menor", o efecto a teor do disposto no artigo 276 sería ó mesmo que "só terá dereito o contratista a percibir unha indemnización do 3 % do prezo da adxudicación".

Á vista destes preceptos e dos postulados expostos analizaremos a continuación os conceptos que integran a indemnización solicitada:

Polo primeiro dos conceptos solicitados, lucro cesante, o adxudicatario lle corresponderían 24.152,54 euros, resultantes de aplicar o importe da prestación deixada de realizar, 805.084,75 euros, o 3% de indemnización que establece o citado 208.5 da LCSP.

Respecto das cantidades reclamadas en concepto de danos e prexuízos, lle corresponderían os gastos do proxecto, da garantía definitiva (tanto a devolución do depósito como os gastos financeiros do aval) e os gastos relativos ó pago dos anuncios, coa salvidade de que para aboarlle o prezo do proxecto e os gastos financeiros do aval é preciso que xustifique documentalmente os mesmos. No entanto, dado que o visado colexial non é esixible neste caso en aplicación do disposto no artigo 4 do Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, non procede aboarlle cantidade ningunha por este concepto. Este artigo establece as excepcións ós casos de visado obrigatorio, que son as seguintes:

1. Cando en aplicación da normativa sobre contratación pública, algún dos traballos previstos no artigo 2 sexa obxecto de informe da oficina de supervisión de proxectos,

*ou órgano equivalente, da Administración Pública competente, non será necesaria a previa obtención do visado colegial. Devandito informe bastará a efectos do cumprimento da obrigaón de obtención do visado colexial.*

- 2. Así mesmo, as Administracións Públicas contratantes poderán eximir da obrigaón de visado ós traballos obxecto dun contrato do sector público que non se atopen no suposto do apartado anterior, cando a través dos seus procesos de contratación, de conformidade coas normas que os regulan, realicen a comprobación da identidade e habilitación profesional do autor do traballo e da corrección e integridade formal da documentación do traballo profesional de acordo coa normativa aplicable.*

*O dano emerxente o residencia o contratista en dous conceptos: por un lado, o prexuízo que supón para a imaxe da empresa a non realización dun parque destas características e, por outro, no prexuízo financeiro que lle supón o ter retido de forma improdutivo un aval bancario por importe de 40.000 euros. No entanto, a xuízo da informante, non procede aboar cantidade ningunha neste concepto por canto en todo caso, a imaxe que podería resultar prexudicada pola non realización do parque temático será a do Concello, nunca a dunha empresa que non tivo responsabilidade ningunha na imposibilidade da realización do mesmo e non acredita nin xustifica os danos que lle puido ter causado a retención do importe do aval.*

*Con respecto a reclamación do interese legal é preciso partir de que a resolución dun contrato é unha prerrogativa da Administración, que pode exercitar de oficio ou a instancia do contratista cando concorra algunha das causas de resolución establecidas na lei ou nos pregos que rexen o contrato de que se trate.*

*A resolución do contrato non opera de forma automática, senón que ser declarada formalmente pola Administración contratante. Así, aínda que o incumprimento fose imputable á Administración o dereito do contratista á resolución implica a previa solicitude, a pesar de que a declaración da resolución sexa un acto regrado. En consecuencia, a débeda indemnizatoria da Administración a favor do contratista non nace ata que se declara a resolución do contrato e, en tanto non naza a débeda e o debedor incorra en mora no seu pago, non nace a correlativa obriga de pago de intereses (artigo 1108 CC). E máis, neste intre nin sequera é posible determinar o importe da indemnización debida por canto o contratista non xustificou algún dos gastos que reclama. En consecuencia, non procede o aboamento os intereses legais da indemnización resultante. Heimos de ter en conta ademais que a lei facultaba o contratista, en caso de demora no inicio da subministración por prazo superior a seis meses dende data sinalada no contrato, a instar a resolución do mesmo (artigo 275 LCSP), e o contratista non realizou ningunha actuación ata que en data 24 de setembro de 2013 solicita información sobre as causas que motivan a demora no inicio da execución do contrato, se aínda e posible o seu cumprimento ou se a Administración desiste do mesmo. E unha vez recibida a información solicitada e cando solicita a resolución do contrato, en data 30 de xaneiro de 2014 e xa tiñan transcorrido máis de tres anos dende a perfección do contrato coa súa formalización. Sería inxusto que un contratista pouco dilixente atrasase a solicitude de resolución do contrato tanto tempo e resultase premiado cunha indemnización de intereses polo tempo transcorrido.*

*En conclusión, a Administración municipal deberá indemnizar a SAMYL, S.L., con 24.152,54 euros en concepto de lucro cesante e cos gastos reclamados polos conceptos de gastos do proxecto agás o prezo do visado, da garantía definitiva e os gastos relativos ó pago dos anuncios e sempre e cando xustifique previamente ós de proxecto e os gastos financeiros mediante a presentación das correspondentes facturas.*

*-VI-*

*SAMYL, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de abril de 2014, formula alegacións á proposta de resolución que lle foi evacuada en trámite de audiencia.*

*Compre por de manifesto en primeiro lugar que as alegacións son extemporáneas, pois foron formuladas fora do prazo concedido ó efecto. Segundo o disposto no artigo 109 do RLCAP, que establece os requisitos do procedemento de resolución dos contratos, deberá darse audiencia ó contratista da proposta formulada pola administración por prazo de dez días naturais. A SAMYL se lle notificou o trámite de audiencia en data 15 de abril de 2014, en consecuencia, o cómputo do prazo iniciouse o día 16 de abril e o último día do prazo era o 25 de abril, máis sendo este inhábil, o prazo rematou o 26 de abril de 2014 (artigo 48 LRJAP).*

*No entanto, en aras da seguridade xurídica, faremos un exame somero das alegacións formuladas por SAMYL:*

- 1. Na primeira alegación se limita a ratificar as consideracións de feito e de dereito formuladas no seu primeiro escrito.*
- 2. Na segunda pon de releve supostas irregularidades cometidas pola Administración municipal na tramitación do expediente de contratación.*
- 3. Na terceira alegación interpreta que se lle denega o pago dos intereses solicitados pola súa demora na reclamación da resolución, que xustifica na inactividade da Administración non so en resolver o contrato unha vez coñecida a imposibilidade da súa execución, senón tamén na demora en facilitarlle a información que lle requiriu en diversos momentos.*
- 4. Na cuarta alegación manifesta a súa conformidade coa proposta excepto nos extremos relativos á indemnización do lucro cesante e a non aplicación as cantidades reclamadas dos seus correspondentes intereses. E se limita a argumentar, para centrar o debate, que o seu parecer o contrato é nulo, dado que non existiu nunca certificado de dispoñibilidade dos terreos nos que se pretendía levantar o parque temático por non contar cos informes favorables das outras Administracións con intereses afectados pola pretendida actuación municipal, trámite de carácter esencial que provocou a nulidade das actuacións. Continúa manifestando que “sin perjuicio de tener por válidos los actos administrativos ya ejecutados (adjudicación y firma del contrato de obra), sin que, en consecuencia, se pueda entrar a valorar la existencia de un posterior contrato de suministro, para justificar una minoración del lucro cesante del 6 % al 3% al que se tiene derecho por el contrato de obra devenido nulo”. A informante non entende a relación entre a pretendida nulidade do contrato e a natureza do mesmo. Parece suxerir o Sr. Gutiérrez que esta Administración elude a declaración de nulidade de pleno dereito do contrato para modificar a clase de contrato por canto lle resulta máis favorable a hora da súa liquidación.*

*Os efectos da declaración de nulidade están detallados no artigo 35.1 da LCSP “A declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, levará en todo caso consigo a do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación, debendo restituírse as partes reciprocamente as cousas que recibisen en virtude do mesmo e si isto non fose posible devolverse o seu valor. A parte que resulte culpable deberá indemnizar á contraria dos danos e prexuízos que sufra”. Como vemos os efectos de declarar nulo o contrato serían similares os previstos para a resolución, a Administración aboaría o contratista os gastos realizados por mor do contrato e lle aboaría unha indemnización de danos e prexuízos, e isto é así porque o espírito que preside ambas institucións xurídicas na lexislación de contratos é que o contratista resulte indemne, máxime cando non lle é imputable responsabilidade ningunha.*

*O contrato obxecto deste expediente é de subministración non porque o diga a informante para que a Administración municipal lle resulte máis favorable a súa*



*liquidación, senón porque así se desprende do seu obxecto, detallado no apartado 5.1 da FEC (Follas de especificacións do contrato) do PCAP “redacción de proxecto, subministro e instalación dun parque tematizado en Castrelos”, do propio nome do contrato “ de subministración e instalación dun parque tematizado en Castrelos” e da regulación do mesmo no PCAP.*

5. *A alegación quinta versa sobre o pago dos intereses. Malinterpreta o Sr. Gutiérrez o razoamento da proposta de resolución ó alegar que “esta Administración considera un premio” e insiste na falta de culpa da súa representada na dilación en reclamar a resolución do contrato que se debe unicamente a inactividade da Administración.*

*Non procede o pago de intereses non pola demora en reclamar a resolución senón porque ata que se declare a resolución non existe débeda, vencida, líquida e esixible, presupostos necesarios para o aboamento de intereses legais. Segundo o artigo 1108 do CC o aboamento de intereses procede cando o debedor incorre en mora. E o Sr. Gutiérrez non argumenta a falta de aplicabilidade desta norma nin fixa a aplicación doutra distinta que xustifique o cobro de intereses. Polo tanto, a xuízo desta informante non procede o citado aboamento de intereses.*

6. *A alegación sexta se centra na indemnización solicitada. Con respecto o lucro cesante reproduce os argumentos xa esgrimidos na solicitude de resolución e calcula o mesmo como si se tratase dun contrato de obras. Como se ten exposto no fundamento xurídico V, a xuízo da informante, procede aplicar a causa de resolución prevista na letra g do artigo 206, cos efectos previstos no artigo 208.5 da LCSP que “cando a resolución se acorde polas causas recollidas na letra g do artigo 206, o contratista terá dereito a unha indemnización do 3% do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable o contratista”. Nada argumenta o reclamante contra a aplicación destes preceptos.*

*Tampouco argumenta nin xustifica a solicitude de dano emerxente, cuxa non procedencia xa foi tratada no fundamento xurídico anterior.*

*Con respecto ós gastos que si se determina que lle corresponde o seu aboamento previa xustificación, a saber, gastos financeiros do aval e gastos do proxecto, presenta xustificación so dos gastos de aval por importe de 1.142,48 €. No entanto, respecto os gastos de proxecto se limita a manifestar que “En el objeto del contrato se incluye la redacción del Proyecto de suministro e instalación de un Parque Tematizado por importe de 36.581,43 €. Para su redacción se acudió a una fórmula mixta, de elaboración por el propio departamento técnico de la empresa, con la colaboración externa de un servicio de consultoría o asesoramiento especializado”. E axunta unha factura do estudio iDUE por importe de 4.496,79 €, que se desglosan do seguinte xeito: colaboración proxecto básico e de execución: 3.273,50 €, visado: 537,34 € e IVE 685,95 €. Polas razóns expostas no fundamento xurídico V non procede aboar o importe do visado. Con relación ó proxecto procede aboarlle non o importe solicitado en concepto de proxecto senón o importe da colaboración pagada a un terceiro, pois se trata de que se lle indemnice polos gastos efectivamente realizados.*

-VII-

*A Administración ten a obriga inescusable de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 42.1 LRJAP), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto o convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ó deber de comunicación previa á Administración.*

*Esta resolución deberá ditarse no prazo fixado para resolver o procedemento de que se trate. No entanto, para o caso que que o procedemento en cuestión non teña fixado expresamente un prazo, como no suposto que nos ocupa, a lei de procedemento fixa un prazo supletorio para a resolución. Dispón o artigo 42. 3 LRJAP que “Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses”. E a continuación fixa regras para o cómputo do mesmo. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, como o presente, o prazo se contará dende a data en que a solicitude haxa tido entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.*

*A solicitude de resolución contractual formulada por D. Agustín Gutiérrez Fernández, en nome e representación da mercantil SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, SAMYL, S.L., tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello o día 30 de xaneiro de 2014. En consecuencia, o prazo para resolver remata en data 30 de abril de 2014.*

*-VIII-*

*A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Inadmitir as alegacións formuladas por D. Agustín Gutiérrez Fernández, en nome e representación de SAMYL, S.L., en data 29 de abril de 2014, por extemporáneas, por ser presentadas fora do prazo concedido ó efecto e que remataba o día 26 de abril de 2014.*

*2º.- Resolver o contrato de subministración e instalación dun parque tematizado en Castrelos, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de decembro de 2010, á mercantil SAMYL, S.L., por un prezo total de 950.000 euros (IVE incluído) por causa da imposibilidade de executar a prestación polos motivos expresados no fundamento xurídico terceiro do corpo deste escrito.*

*3º.- Indemnizar a SAMYL, S.L., polos seguintes conceptos:*

- Lucro cesante, por importe de 24.152,54 euros en aplicación do artigo 208.5 da LCSP.*
- Gastos de publicación dos anuncios da licitación: 1.281,41 euros.*
- Gastos do proxecto: 3.273,50 €.*
- Gastos financeiros do aval constituído: 1.142,48 €.*

*4º.- Que a Tesourería municipal proceda a devolverlle 2.525 euros depositados en concepto de garantía definitiva”.*

*Con data 30.04.14 o interventor xeral emite informe de fiscalización, en vista do cal o xefe da Oficina Administrativa de Contratación, na mesma data, formula o seguinte anexo ao precedente informe-proposta:*

*A vista do informe emitido polo Interventor Xeral de 30 de abril de 2014 sobre o INFORME – PROPOSTA DA SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN PARQUE TEMATIZADO EN CASTRELOS (EXPEDIENTE 5261-446) se engade o seguinte apartado a dita proposta un apartado:*

“5º.- Que se proceda a devolución do aval constituído para garantir a execución do contrato por unha cuantía de 40254,24 euros, operación 201000097189 de 29-12-2009”

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º.- Inadmitir as alegacións formuladas por D. Agustín Gutiérrez Fernández, en nome e representación de SAMYL, S.L., en data 29 de abril de 2014, por extemporáneas, por ser presentadas fora do prazo concedido ó efecto e que remataba o día 26 de abril de 2014.

2º.- Resolver o contrato de subministración e instalación dun parque tematizado en Castrelos, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de decembro de 2010, á mercantil SAMYL, S.L., por un prezo total de 950.000 euros (IVE incluído) por causa da imposibilidade de executar a prestación polos motivos expresados no fundamento xurídico terceiro do corpo deste escrito.

3º.- Indemnizar a SAMYL, S.L., polos seguintes conceptos:

- Lucro cesante, por importe de 24.152,54 euros en aplicación do artigo 208.5 da LCSP.
- Gastos de publicación dos anuncios da licitación: 1.281,41 euros.
- Gastos do proxecto: 3.273,50 €.
- Gastos financeiros do aval constituído: 1.142,48 €.

4º.- Que a Tesourería municipal proceda a devolverlle 2.525 euros depositados en concepto de garantía definitiva”.

5º.- Que se proceda a devolución do aval constituído para garantir a execución do contrato por unha cuantía de 40254,24 euros, operación 201000097189 de 29-12-2009

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **3(401).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 7559/446.**

Visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 29.04.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Contratación e pola titular de Asesoría Xurídica, e visto o informe favorable de fiscalización, do 30.04.14, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as modificacións do lote 1 do contrato para o mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo, adxudicado a CESP, S.A., en data 29 de marzo de 2005, consistentes en:

- a) Incluir entre as superficies obxecto deste contrato relacionadas no Anexo I do Prego de bases técnicas as seguintes:

1.- Rúa Martínez Garrido (tramo comprendido entre rúa Valladolid e camiño de Medeiros):

Mediana(rúa enteira)		1.001,35 m <sup>2</sup>
Entorno pérgola		320,73 m <sup>2</sup>
Esquina Valladolid		16,46 m <sup>2</sup>
Rotonda		78,51 m <sup>2</sup>
Illas rúa Pateira		8,96 m <sup>2</sup>
Xardineiras	Refuxio colectores 27 m <sup>2</sup>	
	Rectangulares 31,50 m <sup>2</sup>	
	Curvas 41,11 m <sup>2</sup>	
	Total	99,61m <sup>2</sup>
Total		1.522,92 m <sup>2</sup>

2.- Rúa Aragón:

Mediana		930 m <sup>2</sup>
Xardineiras	Curvas e rectangulares 150 m <sup>2</sup>	
	Refuxio colectores 31,50 m <sup>2</sup>	
	Total	181,50 m <sup>2</sup>
Total		1.111,5 m <sup>2</sup>

3.- Rúa Menéndez Pelayo:

Zonas verdes	186,59 m <sup>2</sup>
Total	186,59 m <sup>2</sup>

4.- Zamáns:

Nova xardineira entorno Igrexa	7,21 m <sup>2</sup>
Total	7,21 m <sup>2</sup>

5.- Arborado

arborado en Pistas Deportivas	33 ud
-------------------------------	-------

- b) Reducir un 5% a frecuencia e a intensidade de mantemento prevista na cláusula 4 do prego de bases técnicas nos seguintes tipos de zonas verdes: piñeirais e aparcadoiros, superficies maiores de 10 Ha, superficies de 0,5 a 1 Ha e superficies menores 0,5 Ha.

2º.- Formalizar por escrito a presente modificación, de acordo co disposto no artigo 101.2 LCAP.

3º.- Dar traslado deste acordo o Consello de Contas, no prazo dos tres meses seguintes a súa aprobación

#### **4(402).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 7556/446.**

Visto o informe de fiscalización favorable, do 25.04.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 23.04.14, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

*Con data 29/03/2005 a Xunta de Goberno Local aproba a adxudicación do Concurso para a prestación do Servizo de Conservación e Reposición de parques infantís do Concello de Vigo a empresa Cespa S. A.*

*No prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación na cláusula VI "Prazo de Execución" establece o seguinte: "O contrato terá unha duración de oito anos podéndose prorrogala súa duración por períodos anuais ata un máximo de dous".*

*Dito contrato foi asinado o 6 de xuño de 2005 e comeza o 01/05/2005 o que significa que rematou o 30 de abril de 2013.*

*Con data 26 de abril de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prorroga do contrato dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes adxudicado a empresa Cespa S.A por un período de un ano do 1 de maio de 2013 ata o 30 de abril de 2014.*

*Con data 19/12/2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a modificación de contrato por un importe de 126.754,76 € polo que o contrato anual pasa a ser de 5.528.823,36 €/ano (I. V. E. engadido) cun importe mensual de 460.735,28 € (I. V. E. engadido).*

*Dado que está a rematar o período antes indicado e estando en marcha o expediente 6577/446 "Mantemento e conservación de zonas verdes", xa iniciado e motivado en data 15/04/2014 e no que se reflexa todas as novas características das zonas verdes, xardineiras, zonas deportivas, parques forestais, arborado viario, etc. e tendo en conta que este proceso de nova adxudicación precisa dun tempo de tramitación, publicación en diferentes boletíns (DOGA, BOE, DOCE), faise a Xunta de Goberno Local a seguinte,*

#### **PROPOSTA:**

*Aprobar a segunda prórroga do contrato dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes adxudicado a empresa Cespa S. A. por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2005, tal como está previsto na cláusula VI "Prazo de Execución" por o período necesario ata que se inicien as prestacións polo novo adxudicatario, que en ningún caso podrá superar o ano de duración e sen necesidade de previo aviso.*

O importe por o período máximo posible dun ano é de 5.528.823,36 € e correspondese co período do 1 de maio de 2014 ata o 30 de abril de 2015, dos que 3.685.882,14 € corresponden ao período comprendido entre o 01/05/2014 e o 31/12/2014 e 1.842.941,12 € corresponden ao período entre o 01/01/2015 e o 30/04/2015

Achégase táboa onde se especifican os importes contando coa aceptación por parte da empresa concesionaria.

<i>IMPORTE ANUAL</i>		<i>IMPORTE PRORROGA</i>
5.528.823,36 €		5.528.823,36 €

<i>IMPORTE MES</i> 460.735,28 €	<i>ANO/2014</i> 01/05/2014 - 31/12/2014	<i>IMPORTE TOTAL 2014</i> 3.685.882,24 €
	8 meses	
<i>IMPORTE MES</i> 460.735,28 €	<i>ANO/2015</i> 01/01/2015 - 30/04/2015	<i>IMPORTE TOTAL 2015</i>
	4 meses	1.842.941,12 €

O gasto tramitarase con cargo a aplicación orzamentaria 1710-227.99.01

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **5(403).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES FORESTAIS. EXPTE. 7557/446.**

Visto o informe de fiscalización favorable, do 25.04.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 23.04.14, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

*Con data 16 de maio de 2011 a Xunta de Goberno Local aproba a adxudicación do Concurso para a prestación do Servizo de Conservación e Reposición de Parques Forestais do Concello de Vigo a empresa Cespa Jardinería S. L.*

*No prego de cláusulas administrativas que rexe a súa contratación na cláusula VII "Prazo de Execución e Prórroga" establece o seguinte: "O contrato terá unha duración de 2 anos podendo-se prorroga-la súa duración por períodos anuais ata un máximo de dous".*

*Dito contrato foi asinado o 8 de xuño de 2011 e comeza o 1 de xullo de 2011 o que significa que rematou o 30 de xuño de 2013.*

*Con data 26 de abril de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prorroga do contrato dos servizos de conservación e reposición de parques forestais adxudicado a empresa "CESPA Jardinería S.L" tal e como estaba previsto na cláusula VII "prazo de execución e prorroga" do 1 de xullo de 2013 ata o 30 de abril de 2014 por un período de dez meses.*

*Dado que está a rematar o período antes iniciado e estando en marcha a tramitación do expediente de contratación de mantemento e conservación de zonas verdes no que están incluído o mantemento dos parques forestais, e tendo en conta que este proceso de nova adxudicación precisa dun tempo de tramitación, publicación en diferentes boletíns (DOGA, BOE, DOCE), faise a Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA:**

*Aprobar a segunda prórroga do contrato dos servizos de conservación e reposición de parques forestais adxudicado a empresa "Cespa Jardinería S.L" por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2011, tal e como estaba previsto na cláusula VII "prazo de Execución e prórroga " do 30 de abril de 2014 por o período necesario ata que se inicien as prestacións por o novo adxudicatario, que en ningún caso podrá superar o ano de duración e sen necesidade de previo aviso.*

*O importe por o período máximo posible dun ano e de 295.615,48 € e correspondese co período do 1 de maio de 2014 ata o 30 de abril de 2015, dos que 196.410,32 € corresponden ao período comprendido entre o 01/05/2014 e o 31/12/2014 e 98.205,16 corresponden ao período entre o 01/01/2015 e o 30/04/2015.*

*Achégase tabla onde se especifican os importes, considerando as actualizacións e o IVE, e contando coa aceptación por parte da empresa concesionaria .*

IMPORTE ANUAL		
294.615,48 €		
IMPORTE DA PRORROGA		
294.615,48 €		
IMPORTE MES	ANO/2014 01/05/2014 - 31/12/2014	IMPORTE TOTAL 2014
24.551,29 €/mes	8 meses	196.410,32 €
IMPORTE MES	ANO/2015 01/01/2015 - 30/04/2015	IMPORTE TOTAL 2014
24.551,29 €/mes	4 meses	98.205,16 €

*O gasto tramitarase a aplicación orzamentaria 1710-210.00.01*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(404).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 7558/446.**

Visto o informe de fiscalización favorable, do 25.04.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 23.04.14, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

Con data 29/03/2005 a Xunta de Goberno Local aproba a adxudicación do Concurso para a prestación do Servizo de Conservación e Reposición de parques infantís do Concello de Vigo a empresa Contenur S. L.

No prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación na cláusula VI "Prazo de Execución" establece o seguinte: "O contrato terá unha duración de oito anos podéndose prorrogala súa duración por períodos anuais ata un máximo de dous".

Dito contrato foi asinado o 25 de abril de 2005 e comenza o 01/05/2005 o que significa que rematou o 30 de abril de 2013.

Con data 26 de abril de 2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prorroga do contrato dos servizos de conservación e reposición de Parques Infantís adxudicado a Contenur S.L por un periodo de un ano do 1 de maio de 2013 o 30 de abril de 2014.

Co obxecto de optimizar custos de mantemento iniciase expediente para o novo prego de prescricións técnicas no que se unifica nun contrato o mantemento dos xogos infantís, de elementos biosaludables, deportivos ximnásticos e mobiliario urbano complementario polo que é necesario incluír as labouras propias necesarias para garantir o estado óptimo de mantemento dos diferentes elementos obxecto do contrato.

Polos motivos descritos anteriormente e dado o tempo necesario para a tramitación do expediente o ter que publicarse en diferentes boletíns (DOGA, BOE e DOCE) e polo que se fai a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar a segunda prórroga do contrato dos servizos de conservación e reposición de parques infantís adxudicado a empresa "Contenur S. L.." por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2005, tal como está previsto na cláusula VI "Prazo de Execución" por o período necesario ata que se inicien as prestacións polo novo adxudicatario, que en ningún caso podrá superar o ano de duración e sen necesidade de previo aviso.

O importe por o período máximo posible dun ano e de 360.209,42 € e correspondese co período do 1 de maio de 2014 ata o 30 de abril de 2015, dos que 240.139,61 € corresponden ao período comprendido entre o 01/05/2014 e o 31/12/2014 e 120.069,81 € corresponden ao período entre o 01/01/2015 e o 30/04/2015.

Achégase táboa onde se especifican os importes contando coa aceptación por parte da empresa concesionaria.

IMPORTE ANUAL		IMPORTE PRORROGA
360.209,42 €/ano		360.209,42 €

IMPORTE MES	ANO/2014 01/05/2014 - 31/12/2014	IMPORTE TOTAL 2014
30.017,45 €/mes	8 meses	240.139,61 €
IMPORTE MES	ANO/2015 01/01/2015 - 30/04/2015	IMPORTE TOTAL 2015
30.017,45 €/mes	4 meses	120.069,80 €



*O gasto tramitarse con cargo a aplicación orzamentaria 1710-227.99.02.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(405).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CINCO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1 D) DA LEI 7/2007, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 25126/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.04.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 24.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de cinco funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 24 de xaneiro de 2014 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 53.738,10€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á, D. MARCOS COSTAS SOUSA, DNI 36.088.051-Q, D<sup>a</sup>. NURIA NÚÑEZ ABOY, DNI 36.084.011-R, D<sup>a</sup>. MARTA COLLAZO LÓPEZ, DNI 35.317.752-X, D<sup>a</sup>. CLARA BARCIELA BALADO, DNI 76.998.711-R e, D<sup>a</sup> NOA PÉREZ LORENZO, DNI 36.137.641-H, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que os nomeamentos indicados realizaranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral das funcionarias nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.